



## BANDO INFORMATIVO FASE I DO DESCONFINAMENTO GRADUAL

En relación á Orde do Ministerio de Sanidade 399/2020, do 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas trala declaración do Estado de Alarma en aplicación da fase 1 do Plan de transición cara unha nova normalidade, esta Alcaldía,

### INFORMA

**PRIMEIRO.** A partires do luns, 11 de maio, **permítese a circulación pola provincial de Ourense**, respetando as medidas de seguridade e hixiene establecidas polas autoridades sanitarias para a prevención do COVID-19. A tales efectos, os grupos deberán ser de un **máximo de 10 persoas**, salvo no caso de persoas convivintes.

**SEGUNDO.-** Poderá procederse á **reapertura ó público dos locais de comercio minorista e actividades de servizos profesionais** cuxa actividade fose suspendida pola declaración do Estado de Alarma, **incluídos concesionarios de vehículos, ITV, centros de xardinaría e viveiros.**

O **aforo do local limitarase ó 30%**, e deberá manterse unha distancia de seguridade de 2 metros. Ademais, deberá establecerse un **horario de atención con servizo prioritario a maiores de 65 anos.**

En todo caso deberá atenderse ás **medidas de hixiene** establecidas no artigo 11 e seguintes da Orde 399/2020.

**TERCEIRO.-** Poderá procederse á **reapertura ó público das terrazas ó aire libre** dos establecementos de hostalaría e restauración, cun **máximo de 10 persoas por mesa, e garantindo unha distancia física de 2 metros entre mesas ou agrupacións de mesas.**

**CUARTO.-** Poderá procederse á **reapertura de hoteis e aloxamentos turísticos**, cumprindo coas medidas recollidas no Capítulo XIII da Orde 399/2020. Aos servizos de restauración e cafeterías dos hoteis e aloxamentos turísticos aplicaráselle as condicións establecidas no Capítulo XIII da citada Orde.

**QUINTO.** Volve a estar prohibida a **práctica da caza e pesca deportiva**, non considerándose como un deporte individual permitido (artigo 43 da Orde 399/2020)

Para información ampliada e acceso a normativa, poder consultar a páxina web do Concello de A Mezquita ([www.amezquita.gal](http://www.amezquita.gal)).

O que se fai público para xeral coñecemento en A Mezquita, a 11 de maio de 2020.

O Alcalde. Rafael Pérez Vázquez.  
(asinado dixitalmente na marxe)

